

**PLAN DE
CONVIVENCIA
2025/26**

ÍNDICE

- 1) Introducción
- 2) A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.
- 3) Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.
- 4) Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.
- 5) O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.
- 6) Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.
- 7) Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.
- 8) Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.
- 9) As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.
- 10) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.
- 11) Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.
- 12) Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

1) Introducción

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na relación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un carácter formativo ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada nos obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

O DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, dentro do artigo 15: "Actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade". O decreto fai referencia á estrutura do plan de convivencia e os apartados mínimos dos que debe constar.

2) A análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.

O Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanza non universitarias establece que estes centros disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para definir o modelo de xestión organizativa e pedagóxica. Asemade, a LOMCE, no seu artigo 124.4, establece que: "As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidan elaborar as súas propias normas de organización e funcionamento, polo que este documento regulará o funcionamento do centro e recollerá as normas de organización e funcionamento, garantindo o cumprimento do plan de convivencia, sendo un documento independente do proxecto educativo de centro"

ETAPAS EDUCATIVAS

No Centro Público Integrado Cova Terreña impártense as seguintes etapas educativas:

- Educación Infantil (3 a 6 anos)
- Educación Primaria (6 a 12 anos)
- Educación Secundaria Obrigatoria (12 a 16 anos)

Durante este curso académico 2025-2026, preténdese dar continuidade ao traballo dos cursos anteriores, actualizando e adaptando as respostas dende o ámbito da convivencia en xeral e as demandas do centro en cada unha das etapas educativas.

O Plan de Convivencia debe partir dunhas necesidades concretas relativas ao alumnado, ás familias, ao centro e ao ámbito sociocultural, para poder contextualizalo á realidade do noso centro escolar.

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO ESCOLAR

Relacións entre o alumnado

As situacións onde o alumnado mantén relación dentro do centro escolar concréntanse nas seguintes circunstancias: á entrada e saída do centro, a súa permanencia nas aulas, os recreos (con actividades físico-deportivas, xogos, coro e talleres de música e teatro, permanencia na biblioteca, paseos polo recinto), e as actividades complementarias e extraescolares. En todas esas circunstancias o alumnado permanece baixo a custodia e vixilancia do profesorado, que é o que xestiona e regula as actividades e as interaccións entre o alumnado.

Entre o alumnado hai relacións fora do centro e que moitas delas poden producirse a través das redes sociais. Polo que o resultado das interaccións entre eles son froito de variadas circunstancias e algunhas escapan ao control do propio centro escolar.

Espazos

Os espazos dispoñibles para o alumnado dentro do recinto escolar son os seguintes: aulas de referencia, aulas materia, biblioteca, corredores, salón de actos, comedor, pavillón escolar, patio norte, patio sur, pista exterior, rampla, corredor exterior. Todos estes espazos manteñen un uso definido onde poden existir restricións diversas. O alumnado da ESO ten as clases de Educación Física no Pavillón Municipal, un espazo que se usa tamén durante as celebracións do entroido, e ocasionalmente noutro tipo de eventos.

O alumnado de infantil permanece no seu recreo nun espazo separado.

O alumnado de primaria ten o recreo no mesmo recinto que o alumnado de secundaria compartindo incluso materiais, pero en horarios distintos, polo que as interaccións entre eles son limitadas. Ademais as entradas e saídas do centro realízanse nun horario diferente.

Ao tratarse dun centro integrado nun marco urbano son frecuentes as saídas a zonas próximas: biblioteca do concello, casco vello, campo do Aral, praias, estación arqueolóxica de Outeiro dos Lameiros, Esteiro da Foz, depuradora, auditorio do concello...

Tipoloxía do alumnado

O alumnado heteroxéneo nas súas capacidades académicas mantén unha actitude máis homoxénea en canto ao comportamento co resto da comunidade educativa, non existindo moitos casos de conduta grave (indisciplina, agresións...)

A proporción por xénero son as seguintes:

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
4º Educación Infantil	7	4	11
5º Educación Infantil	6	6	12

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
6º Educación Infantil	10	7	17
1º de Educación Primaria	12	9	21
2º de Educación Primaria	11	9	20
3º de Educación Primaria	10	14	24
4º de Educación Primaria	17	21	38
5º de Educación Primaria	18	14	32
6º de Educación Primaria	18	17	35
1º ESO	29	29	58
2º ESO	25	22	47
3º ESO	22	27	49
4º ESO	22	25	47
TOTAIS	207	204	411

Profesorado

O profesorado que se foi incorporando nos últimos anos goza dunha certa estabilidade e permanencia no centro o que facilita o coñecemento do alumnado e a familiarización coas normas do centro.

As familias, en xeral, favorecen o clima do centro cunha actitude de compromiso onde grazas a aplicación abalar incrementáronse moito nos últimos tempos.

Todo o persoal administrativo e de servizos traballa favorecendo o clima de familiaridade e achegamento de cara ao alumnado.

Destacamos as seguintes necesidades do centro:

- Difundir o plan de convivencia entre a comunidade educativa.
- Coñecer as obrigas e deberes do alumnado, tipos de infraccións...
- Favorecer un clima máis positivo implicando a todos os axentes educativos.
- Aumentar a formación entre o profesorado.
- Favorecer os canles de comunicación entre as persoas.
- Priorizar as solucións dialogadas e consensuadas, elixindo solucións cunha menor carga punitiva e máis formativa.
- Mellorar os xeitos de relación entre o alumnado favorecendo as fórmulas de cortesía, cunha linguaxe e ton axeitados.

- Mellorar o clima nas aulas respectando a quenda de palabra, rebaixando os niveis de ruído, o tipo de linguaxe e o ton, tendo como consecuencia unha mellora do rendemento académico.

Mención especial merece o patio do centro. Esta é unha ferramenta dun alto valor educativo. Moitas veces non se lle da o xusto valor que contén polo seu sentido menos normativo. A súa ruptura co carácter académico da aprendizaxe na aula, sitúa a este espazo nunha illa onde os docentes semella, non debemos intervir. O recreo non conta para nota, podería ser o resume que definiría esta situación.

Sen embargo, nestes espazos os estudantes móstranse ao natural. Póñense de relevo que actividades prefiren, como se relacionan, que linguaxe empregan, as súas inquedanzas, os seus prexuizos e mesmo poden existir situacións de acoso.

DIAGNOSE DO PATIO

A información que proporciona o patio durante os recreos é variada:

- O alumnado moitas veces sen normas, inventa polo costume unhas propias: que deporte practícase nese espazo e quen pode practicalo (que sexo e de que idade).
- Práctica de actividades de demostración de forza, pouco inclusivas que provocan un clima pouco acolledor do espazo e xeran situacións de risco para o resto do alumnado e profesorado.
- Formas de ocupación do espazo onde os nenos amplían os seus dominios, mentres as nenas ven reducido o seus a zonas máis tranquilas e reducidas.
- A linguaxe empregada pon de manifesto condutas que na aula contrólanse: linguaxe machista, homófobo, xenófobo...
- As condutas durante o propio xogo: agresividade, volume de voz excesivo, copia de modelos de deportivos en boga, desprezo ao outro...
- A situación de marxinación nas actividades na que se ven abocados algúns individuos por diversas causas.
- O carácter inclusivo de algúns xogos e o carácter excluínente doutros.
- A incapacidade de xestionar eles mesmos o seu propio xogo dunha forma xusta e inclusiva onde todo o mundo teña cabida e non so o alumnado máis habilidoso.
- A necesidade de contar coa presenza do profesorado para regular e xestionar algunhas actividades e condutas.
- O afastamento do pavillón dunha parte dos escolares por diversas causas algunhas coñecidas e outras por coñecer (vergoña, medo, ansiedade, autoesixencia...)
- O temor ou inhibición, especialmente dalgunhas nenas, a participar nas actividades que propónse desde o departamento de educación física, se o profesor non está presente.

3) Os obxectivos específicos do plan de convivencia derivados da análise previa.

Os fins e principios informadores das normas sobre convivencia nun centro de ensino veñen sinalados polo artigo 3 da Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A co-responsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Estes principios e obxectivos están desenvolvidos no artigo 12 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e a participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
- h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Engadimos ademais:

- Acadar o benestar emocional de modo que os membros da comunidade educativa se sintan acollidos.
- Desenvolvemento da educación emocional. As teorías actuais propoñen que as emocións son esenciais para a formación pois catalizan as respostas cognitivas nas diferentes situacións de aprendizaxe e facilitan a toma de decisión.

É dende este enfoque dende onde xurde a proposta de incorporar a Educación Emocional no Plan de Convivencia, para dar respostas ás necesidades educativas e sociais actualmente existentes e non atendidas nas áreas académicas ordinarias.

Dende un marco de educar para a vida é onde propónse esta idea ante a "revolución emocional" na que vivimos.

Os obxectivos xerais da Educación Emocional son :

- Fomentar e potenciar o desenvolvemento emocional.
- Ter presenza no ámbito educativo
- Capacitar ó alumnado para afrontar mellor os retos persoais e vitais.
- Aumentar o benestar persoal e escolar.
- Afondar na idea e na importancia de que o alumnado dispoña dun marco moral que sirva de referencia no seu desenvolvemento. Propónse este modelo para a

educación de nenos, nenas e adolescentes.: a educación emocionalmente intelixente.

- Baixo a finalidade de desenvolver as competencias emocionais, os obxectivos específicos serán:
 - Adquirir un mellor coñecemento das propias emocións.
 - Identificar as emocións dos demais.
 - Desenvolver a habilidade para regular as propias emocións.
- Previr e diminuír a aparición de manifestacións violentas físicas e verbais.
- Fomentar a adquisición de habilidades sociais e competencias para o seu desenvolvemento persoal e social.
- Acordar e interiorizar as normas de convivencia e o seu cumprimento participando na súa elaboración .
- Facer do patio escolar un espazo educativo e unha zona de convivencia e interacción social.
- Implicar ás familias e axentes externos na vida activa do centro.
- Coñecer diferentes sistemas aumentativos e/ou alternativos de comunicación.
- Sensibilizar a toda a comunidade educativa con respecto ás diferencias funcionais, sociais, sexuais....
- Establecer metodoloxías colaboradoras, activas e participativas ademais de traballo por proxectos.
- Favorecer un clima de igualdade e inclusividade con accións ou intervencións concretas
- Establecer e asentar o modelo para o diagnóstico da convivencia do centro, prestando especial atención ao acoso escolar, ciberacoso, violencia de xénero e violencia contra o colectivo LGTB.

4) Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras.

- Actividades de acollida: nos cursos iniciais, para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, facilitando o coñecemento do estilo do centro e das normas de convivencia.
- Actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa a través de charlas e campañas, coa colaboración de especialistas ou con outras actividades que se consideren e poidan ofertarse. Estas actuacións figuran no protocolo de prevención e detección do acoso escolar do centro.
- Aula de convivencia: a función desta aula é acoller ao alumnado con problemas na aula, que presente unhas condutas que alteren a convivencia e non permitan o normal desenvolvemento das clases. O profesorado específico de garda será o encargado de acoller ao alumnado, este deberá dirixirse a esta aula sempre con traballo.
- Implantación do modelo de intervención educativa, tendo como destinatarios a todo o alumnado, implantando e implementando o desenrolo de competencias e subcompetencias de xeito intencional e sistemático. O carácter transversal ten moi presente as oportunidades de aprendizaxe emocional que xorden dos centros de interese real do alumnado producidas pola interacción escolar, familiar e social. Incluíndo a educación en valores, educación moral, competencia social...
- Grupos de discusión, role-play, debates.... con dinámicas de clase eminentemente prácticas, grupais e participativas e referentes, desde un punto de vista metodolóxico, dun modelo que excede unha lista de actividades ou exercicios.
- Prácticas restaurativas. Esta formación forma parte do PFPP e lévase impartindo xa desde varios anos no centro. Céntrase na solución de conflitos onde as dúas partes interveñen e buscan solucións nas que se restableza a convivencia. Tanto os receptores do dano como os autores se lles interroga sobre diferentes elementos do enfrontamento (que pensaches despois do ocorrido?, Como che afectou?...)
- Mediación. O curso de mediación está destinado ao alumnado que axuda a solucionar o conflito entre iguais, Favorece a autonomía do alumnado e ao igual que as prácticas restaurativas pretende restablecer o dano causado e solucionar os conflitos a través do diálogo.

MEDIDAS CORRECTORAS DURANTE OS RECREOS

- *Introducir normas no uso do espazo, onde todo o mundo poida participar en igualdade de oportunidades.*
- *Definir que tipo de actividades poden practicarse nos recreos.*
- *Permitir que o alumnado manifeste os seus intereses sobre que actividades ou xogos son do seu interese, facendo un especial fincapé nos xogos femininos.*
- *Delimitar os espazos das diferentes actividades e xogos, onde unhas actividades poidan desenvolverse sen prexuízo das outras. Neste senso o espazo do recreo estará estruturado segundo as posibilidades de cada zona:*
 - ➔ *Zona tranquila: onde o alumnado ten a súa disposición unhas caixas con xogos de mesa, cartas, xices... É o patio sur a zona con máis soleada. Teñen mesas e bancos de madeira tratada. Ademais nesta zona tamén existe un patio cuberto con xogos pintados no chan. Cada día un profesor encárgase de sacar as caixas e outro de recollelo. Pero é o alumnado baixo a supervisión do profesorado quen ten que recoller todo. A biblioteca, aberta durante os recreos tamén forma parte da zona tranquila*
 - ➔ *Zona semiactiva: o alumnado ten a súa disposición unha caixa con gomas de saltar, cordas, xices... Nesta zona non están permitidos os balóns porque hai clases ao lado. Nesta zona tamén existe un patio cuberto con xogos pintados no chan. O alumnado pode crear o seu propio xogo pintando no chan mariolas ou calquera xogo simbólico. Cada día un profesor encárgase de sacar as caixas e outro de recollelo. Pero é o alumnado baixo a supervisión do profesorado quen ten que recoller todo.*
 - ➔ *Zona activa: está formada por un pavillón cuberto, unha pista exterior e unha zona de rampla e corredores. Nesta zona o alumnado ten á súa disposición material diverso: balóns de diferentes deportes, cordas, palas de tenis de mesa, palas, raquetas de bádminton, frisbees, xogos de spikeball, monociclos... O alumnado pode suxerir outro material ou calquera actividade que desexa practicar. O espazo está segregado por usos. No pavillón unha goma elástica divide o espazo ao longo. Esta goma serve para xogar as palas, ao bádminton, ao voleibol... e tamén para formar dous campos máis pequenos para xogos colectivos fútbol, balonmán, floorball...). Tamén ten outros espazos: tres mesas de ping pong, tres zonas para xogar ao baloncesto, uns espellos e un altofalante para que o alumnado .que o desexe poida montar coreografías e bailar. Existe unha instalación de tobogáns e xogos de trepa destinado aos máis pequenos.*
- *Permitir o libre uso do espazo, onde unhas as actividades non entren en conflito coas persoas ou con outras actividades.*

- *Fomentar un uso correcto da linguaxe durante o xogo: coidar a expresión, as palabras usadas, recapacitar sobre a imitación de modelos de conduta...*
- *Impulsar o xogo limpo, buscando fórmulas de achegamento entre o alumnado (por exemplo, dar a man antes e despois do xogo; crear fórmulas de cortesía para falar co/a arbitro...).*
- *Incentivar a arbitrase autónoma por parte do alumnado coma unha parte máis da súa formación, baixo un clima de respecto e cordialidade.*
- *Fomentar a xestión autónoma das actividades por parte do alumnado, onde eles mesmos se responsabilicen da colocación e recollida do material.*
- *Integrar no espazo ás nenas, con actividades de carácter mixto.*
- *Mellorar a supervisión por parte do profesorado nas actividades do recreo.*
- *Presentar novos tipos de deportes, xogos ou actividades para tentar cubrir o amplo abano de preferencias do alumnado.*
- *Explorar novas formas de xogos a través da cooperación en forma de retos, onde o alumnado busque a cooperación por enriba da competición.*
- *Facer uso de carteis para impulsar estas medidas: exemplos de deportistas femininas, retos grupais, normas de uso..*
- *Potenciar o xogo e o deporte feminino como método de discriminación positiva: zonas exclusivas de uso, presenza de mulleres nos equipos para poder levar a cabo a actividade...*
- *Facer uso exclusivamente do material proporcionado polo centro. O alumnado non pode traer material para usar nestes espazos pois os materiais empregados responden a un criterio didáctico que moitas veces escapan ao coñecemento do alumnado.*

INTERVENCIÓNS QUE IMPULSEN A CONVIVENCIA

- Enquisa entre as familias para que valoren a situación da convivencia no centro.
- Escola de pais e nais.
- Manter unha canle constante entre o equipo de convivencia e a dirección do centro, valorando as incidencias e os tipos de intervención.
- Charlas de concienciación relacionadas coa convivencia: inclusión, igualdade, empatía, resolución de conflitos, educación emocional, homes e mulleres deportistas, persoas con diversidade funcional.
- Presenza constante do profesorado nos espazos de convivencia
- Valoración constante da situación do centro a través de reunións (claustro, CCP, avaliacións, reunións informativas, titorías, atención a pais...), comunicacións

internas a través de diferentes canles: abalar, correo corporativo, web do centro...

- Agrupamentos do alumnado seguindo criterios pedagóxicos: paridade nas aulas; intereses do alumnado; afinidade; mellora académica; número de repetidores...
- Colaboración con diferentes asociacións: cruz vermella, COGAMI, AESLEME...
- Participación do profesorado e alumnado no curso de mediación
- Recreos organizados inclusivos e igualitarios
- Coro: ensaios todas as semanas e taller de guitarra.
- Taller de teatro.
- Participación nos seguintes programas:
 - ➔ Plan proxecta:
 - Clases sen fume
 - PVAD (proxecto de vida activa e deportiva
 - Quérote+
 - ➔ PLAMBE
 - Club de lectura
 - A radio na Biblio
 - ➔ E-Dixgal
 - ➔ SSBB
 - ➔ Polos Creativos
 - ➔ A que jugamos?
 - ➔ Inspira STEAM
 - ➔ Club de ciencia
 - ➔ Froita e leite FOGGA
 - ➔ PROA+
 - ➔ Eduemprende
 - ➔ Navega con rumbo
 - ➔ PIE. Mediación
 - ➔ Comando Igualdade
 - ➔ Innova-Lab
- Coordinación co plan de Igualdade tanto nas actividades planificadas como nas decisións pedagóxicas
- Actividades desde a titoría dentro do plan de acción tutorial.

- Saídas complementarias que favorezan a convivencia e a participación. Organizadas desde os diferentes departamentos buscan a interdisciplinariedade entre as actividades.
- Celebracións ou conmemoracións (magosto, entroido, día da paz, día da muller...) conxuntas onde se fomente a interacción entre cursos ou etapas.

LEXISLACIÓN CURRICULAR

- O Desenvolvemento do currículo de cada unha das materias no referente ao Proxecto do Decreto xx/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia:
 - ➔ Establece o tratamento a través dos elementos transversais como a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero traballaranse en todas as materias. Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Ademais **promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
 - ➔ No perfil de saída a lei propón as seguintes aprendizaxes: Desenvolver un espírito crítico, empático e proactivo para detectar situacións de inequidade e exclusión a partir da comprensión das causas complexas que as orixinan. **Entender os conflitos como elementos connaturais á vida en sociedade que deben resolverse de maneira pacífica.** Sentirse parte dun proxecto colectivo, tanto no ámbito local como no global, desenvolvendo empatía e xenerosidade.
 - ➔ Competencias clave:
 1. dentro da Competencia persoal, social e de aprender a aprender: colaborar con outros de forma construtiva; **manter a resiliencia e identificar condutas contrarias á convivencia** e desenvolver estratexias para abordalas contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e

das demais persoas, **desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade** e expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

2. Competencia Cidadá: a adopción consciente dos **valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos**

Obxectivos de etapa:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, **practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade** entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- **Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos** e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- **Fortalecer as súas capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas.
- Dentro das NOF do centro veñen reflectidos no título VI Do réxime disciplinario os seguintes capítulos que atanguen ao funcionamento da convivencia no centro:
 - CAPÍTULO I: Comisión de convivencia
 - CAPÍTULO II: Criterios de actuación respecto do alumnado que presenta alteracións da conduta que dificultan a convivencia escolar . Procedementos de información das condutas disruptivas
 - CAPÍTULO III: Cadro resumo corrección condutas
 - CAPÍTULO IV: Procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios. Inicio do procedemento corrector
 - CAPÍTULO VI: Normas e procedementos de resolución de conflitos. Lugares da palabra e mediación. Procedemento para o uso do lugar da palabra. Procedemento para o uso do servizo de mediación
 - CAPÍTULO VII: Criterios de actuación ante situacións de posible acoso escolar, exclusión, illamento, rexeitamento

5) O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no [artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.](#)

Artigo 30. Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

1. O Goberno galego, a través dos departamentos competentes en materia educativa e benestar, elaborará un protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, coa dotación orzamentaria necesaria para a súa implantación. Recollerase de xeito explícito a integración da perspectiva de xénero para poder previr eficazmente situacións de acoso das nenas e mozas.

2. O plan de convivencia de cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

Prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar:

a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte a el.

b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.

c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro ou titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecer a mediación realizada polo alumnado que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

As medidas reflectidas no NOF serán as seguintes:

1. Trala detección, comunicar o caso ao resto do equipo docente, ao equipo directivo (xefatura de estudos, dirección) e ao departamento de orientación que recollerán e valorarán a información e, se é necesario, poderán ampliála. Constitución do equipo ACAE
2. Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima.
3. Manter entrevistas coas "vítimas" e cos "agresores" (titoría, orientación, dirección, xefatura de estudos).
4. Manter entrevistas cos responsables:
 - Para informalos da situación.
 - Para recoller información do contexto familiar.
 - Transmitir a idea de que o centro educativo poñerá todas as medidas para que eses actos non volvan a repetirse.
 - Pedir a súa colaboración e ofrecerlle axuda
5. Informar aos servizos externos ao centro se é o caso (servizos sociais, médicos...). A redacción do escrito corresponde á persoa titora do alumno/a en cuestión co visto e prace da dirección.
6. Seguimento e avaliación.

Posibles medidas:

- Participación na mediación.
- Uso do lugar da palabra.
- Establecemento de redes de apoio: amigos ou amigas da aula ou do centro.
- Traballo específico na titoría de prevención e intervención.
- Traballo relacionado coas habilidades sociais, cooperación, estudo de biografías, copia de contos e relatos relacionados con valores.
- Comparecencia diaria ante a xefatura de estudos e/ou dirección.

- Medidas correctoras expostas nesta normativa ante condutas contrarias as normas de convivencia.
- Derivación a tratamento psicológico.
- Derivación a servizos sociais municipais (ver protocolo de actuación).
- Derivación a Fiscalía de Menores.
- Contrato de conduta.
- Apertura de procedemento corrector.

6) Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Dentro do TÍTULO VI: RÉXIME DISCIPLINARIO do NOF o CAPÍTULO II informa dos Criterios de actuación respecto do alumnado que presenta alteracións da conduta que dificultan a convivencia escolar.

Segundo o artigo 32 do decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter carácter educativo e recuperador.
- b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
- c) Contribuír a que o alumnado corrixido asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con tódolos membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
- d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.

Cabe salientar dous puntos deste artigo 32:

O diálogo e a conciliación serán estratexias habituais e preferentes para resolución de conflitos no ámbito escolar.

O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo en conta a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.

Procedementos de información das condutas disruptivas (NOF):

Segundo o punto primeiro dos dereitos do alumnado (Lei 4/2011 art. 7) **"o alumnado ten dereito a recibir unha formación integral e co-educativa"... polo que, en principio, non se deberá expulsar ao alumnado disruptor da aula senón artellar estratexias para conseguir que dito alumnado permita seguir coa sesión lectiva.** De non reconducirse a actitude desaxeitada do alumno, este poderá saír da aula, SEMPRE CON TAREFAS PARA FACER, acompañado polo/a delegado/a e acudirá á Sala do Profesorado a por profesorado de garda, quen se fará cargo do alumnado disruptor, levándoo a unha aula dispoñible para que faga alí o traballo encomendado. De non estar dispoñible o profesorado de garda, acudirán á conserxería para que o Equipo Directivo se faga cargo da situación.

O profesorado disporá da posibilidade de facer apercibimentos nos que recollerá as incidencias diarias na aula. Nel, cada profesor/a anotará ou detallará aquelas faltas de orde (amoestacións) ou incidencias que considere relevantes e susceptibles de ser comunicados á titoría e á Xefatura de Estudos, referentes á conduta e/ou rendemento académico do alumnado.

O profesorado achegará o parte de incidencia á Xefatura de Estudos e/ou na plataforma Abalar . Este sistema permite un rápido intercambio de información entre o profesorado, a titoría e a Xefatura de Estudos, para determinar as medidas a adoptar en función da reiteración ou gravidade das condutas do alumnado, a falta de rendemento, ausencia de material, puntualidade,... Tamén permite adoptar medidas inmediatas en función do número e tipo de incidencias e amoestacións existentes. Ditas medidas tomaranse tendo en conta o recollido no cadro resumo deste apartado.

Coa implantación do Abalar Móbil, tamén é posible que o profesorado comunique as incidencias da aula directamente aos responsables do alumnado.

7) Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.

Dereitos do profesorado

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes do profesorado

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar aos responsables sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Condición de autoridade pública do profesorado

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.
2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade,

sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición dos responsables se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se fose maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Dereitos básicos do alumnado

1. A recibir unha formación integral e co-educativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
5. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
6. A asociarse, durante ou despois da súa escolarización.
7. A recibir orientación profesional acorde coas súas aptitudes, atendendo ás súas afeccións e capacidades.
8. Respecto do Dereito á Folga, este dereito non aparece recollido na Lei 4/2011 de convivencia. Con todo, no escrito do Xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa de 8 de marzo de 2017 fanse as seguintes aclaracións: ..." legal e tecnicamente o alumnado non ten dereito á folga, reservado aos traballadores, senón unicamente dereito de reunión. O alumnado, a partir de terceiro curso da ESO, poderá adoptar as decisións colectivas de inasistencia á clase...As Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOFC) deben establecer as condicións concretas nas que o alumnado pode exercer este dereito e , en todo caso, a decisión colectiva de inasistencia a clase ten que ser comunicada

previamente. O alumnado poderá quedar baixo a garda e custodia dos seus pais ou titores legais ou acudir ao centro educativo pero tendo en conta que, de presentarse no centro, non poderá abandonar o recinto escolar. En relación co asunto de documentar a ausencia ao centro, debe quedar rexistrada a comunicación previa. O centro ten a obriga de comunicar tódalas ausencias do alumnado menor de idade ao pais ou titores legais, con independencia da causa que motiva a ausencia. Polo tanto:

- O alumnado a partir de 3º ESO poderá exercer o seu dereito de inasistencia a clase cando esa decisión sexa tomada tras unha xunta de delegados, previa discusión nas súas respectivas clases, con votación favorable e sexa comunicada dita decisión cunha semana, como mínimo, de antelación á Dirección do centro.
- Con todo, a Dirección poderá rexeitar o permiso se se solicita de xeito reiterado e considera que podería afectar gravemente ao desenvolvemento das clases ou materias.
- Non terá consideración de folga, e polo tanto non amparada por este NOFC, o abandono colectivo da aula por un grupo de alumnos. Tales condutas son contrarias ás normas de convivencia e serán sancionadas.
- Se a porcentaxe do alumnado que exerza o seu dereito de inasistencia é menor do 50% en cada aula, o profesorado poderá dar clase de xeito normal.
- En calquera caso, o centro comunicará tódalas ausencias do alumnado menor de idade aos responsables, con independencia da causa que motiva a ausencia.

Deberes básicos do alumnado

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso, xustificándoo documentalmente de non ser así.

- i) Estudar.
- j) Traer o material necesario para a actividade lectiva e non outro material lúdico non preciso para a mesma.
- k) Manter a orde na aula, agardando no seu posto á chegada do profesorado, asemade no patio e recinto escolar en xeral.
- l) Entregar a documentación que se faga chegar a través del/dela aos seus responsables. Asemade, o alumnado transportado asumirá as normas de uso do transporte público: levar o cinto de seguridade posto, non cambiar de asento, non molestar ao autobús,... así como aquelas que lle sexan indicadas dende o centro educativo.

Dereitos dos responsables do alumnado

- (1) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- (2) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- (3) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- (4) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- (5) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Deberes dos responsables do alumnado

- (1) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- (2) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- (3) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade
- (4) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Dereitos do persoal de administración e de servizos

- (1) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

- (2) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- (3) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- (4) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- (5) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

Deberes do persoal de administración e de servizos

- (1) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- (2) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- (3) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- (4) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
- (5) Realizar todas aquelas tarefas que lle sexan encomendadas atribuíbles ás súas funcións.

8) Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido neste decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.

Condutas contrarias á convivencia

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO CAP. V Resumo Decreto 8/2015, Tit. III, que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.		
CORRECCIÓN DE CONDUTAS	TIPOS DE FALTAS	
a) Terán un carácter educativo e recuperador. b) Garantir o respecto aos dereitos do alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente. c) Contribuír a que a alumna ou alumno corrixido/a asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo. d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida. • O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar. • Nos casos que fose necesario, se realizará a oportuna asistencia e orientación psico-pedagóxica. • As vítimas e os presuntos agresores/as. • Garantírase ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoal e o seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección se garantirá mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre a vítima e causantes da situación de acoso. • O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo en conta a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido. • Ningún alumno/a poderá ser privado do seu dereito á educación, nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. • Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado. • Para o caso do alumnado menor de idade, non emancipado/a, as persoas prexentoras ou representantes legais deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo no que estean escolarizado. • GRADACIÓN DAS MEDIDAS: • recoñecemento espontáneo do carácter incorreto da conduta. • Existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas. • Difusión por calquera medio da conduta, das súas imaxes ou da ofensa. • A natureza dos prexuízos causados. • O carácter especialmente vulnerable da vítima: a súa idade, recente incorporación ao centro, ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade. • Promoción resolución pacífica de conflitos.	CONDUTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA (art. 39): a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa. b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, convencións políticas, morais ou relixiosas, discapacidade física, sensorial ou psíquica, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave. d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa. e) As situacións que constitúan acoso escolar de acordo co establecido polo art. 28 da Lei 4/2011. f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos. g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por desoido grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como o seu subtracción. h) Os actos inxustificadamente perturbadores gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar. i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a ela. j) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, se reputará indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o apartado terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado. k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia. l) O incumprimento da sanción imposta.	CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA (art. 42): a) As condutas tipificadas como agresión, injuria ou ofensa en el apdo. a), os actos de discriminación del apdo. b), os actos de indisciplina do apartado c) os danos do apdo. g), os actos inxustificadamente do apdo. h) e as actuacións prexudiciais descritas no apdo. i) do art. 39. b) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apdo. j) do art. 39. c) A falta de asistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro. d) A reiterada asistencia ao centro sen o material preciso para participar activamente no desenvolvemento da clase. e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro: - Comer ou beber nas aulas. - Non respectar as indicacións dos membros da comunidade escolar. - Os malos modos no diálogo co profesorado, persoal de administración ou servizos. - Non agardar a chegada do profesor dentro da aula. - Fumar no recinto escolar. - Interrupción continuada da dinámica das clases. - Palar á vontade prexudicando a terceiros ou á colectividade. - Utilizar o móbil no recinto escolar. - Calquera outra actitude que a xulzo do profesorado, titores/as xefatura de estudo ou dirección, rompa ou prexudique a convivencia do centro.

MEDIDAS CORRECTORAS (art. 39):	MEDIDAS CORRECTORAS (art. 43)
a) Realización dentro ou fora do horario lectivo, das tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. (Dir.) b) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. (Dir.) c) Cambio de grupo. (Dir.) d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a sanción, o alumnado terá que realizar os deberes ou tarefas que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Dir.) e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a sanción, o alumnado terá que realizar os deberes ou tarefas que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Dir.) f) Cambio de centro. (Dir.) PROCEDIMENTOS DE CORRECCIÓN (CAP. IV RD 8/2015) - Conciliado. - Común (expediente disciplinario) PRESCRIPCIÓN DE CONDUTAS Y CORRECCIÓNS (art. 56): 4 MESES	a) Amoestación privada ou por escrito (prof., titorea X.E.). b) Comparacencia inmediata ante Xefatura de Estudos (prof., titorea). c) Realización de traballos específicos en horario lectivo (prof., titorea X.E.). d) Realización, en horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento do centro. (titorea X.E.). e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de hasta dúas semanas. (X.E.) f) Cambio de grupo por un período de hasta unha semana. (X.E.) g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de hasta tres días lectivos. Durante o tempo que dure a sanción, o alumnado terá que realizar os deberes ou tarefas que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Dir.) h) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de hasta tres días. Durante o tempo que dure a sanción, o alumnado terá que realizar os deberes ou tarefas que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. (Dir.) PROCEDIMENTOS DE CORRECCIÓN (NOFC) - Aplicación medidas correctoras art. 43 - Substitución da medida correctora por Modelo de compromiso de cambio "unha semana para cambiar" (só se aplicará unha vez por alumno/a) (Titorea con X. E.) PRESCRIPCIÓN DE CONDUTAS Y CORRECCIÓNS (art. 56): 1 MES

MEDIDAS CORRECTORAS (recollido na CCP 17/04/2018):

En xeral:

A acumulación de 3 partes de aula suporá unha falta leve.

A acumulación de 3 faltas leves suporá unha falta grave

A acumulación de 3 faltas graves poderán supor a apertura dun expediente disciplinario.

Ademais: a acumulación de tres falta de puntualidade no mesmo mes suporá unha falta leve.

9) As normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.

A Comisión de convivencia do centro, tal e como se recolle no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, constituirase no seo do consello escolar nos centros educativos. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, dos responsables e do persoal de administración e servizos.

Será presidida pola dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde á dirección, por proposta dos colectivos representados.

Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- 1) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan e da mediación escolar.
- 2) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

- 3) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- 4) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- 5) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- 6) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- 7) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- 8) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- 9) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

10) Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno.

Todos os organismos de coordinación docente teñen de xeito inherente o papel colaborador para a mellora da convivencia. Os departamentos didácticos se coordinan na Comisión de Coordinación Pedagóxica, onde periodicamente se analiza o clima de convivencia das distintas aulas e etapas.

Dende a xefatura de estudos e o departamento de orientación se leva a cabo o plan de acción tutorial e un seguimento da convivencia das distintas aulas cos profesores titores por niveis educativos.

As familias dos alumnos teñen unha gran presenza no centro, acudindo ás sesións de acollida e reunións por grupo-aula de forma maioritaria, solicitando frecuentemente reunións cos profesores-titores, profesorado en xeral, departamento de orientación e equipo directivo, e participando nas numerosas reunións informativas motivadas pola organización de viaxes, intercambios... A súa presenza é numerosa nas sesións de

apertura de curso, festivais e premios e nos actos de fin de curso dos alumnos que rematan a ESO

A ANPA do centro colabora activamente co Centro.

Mantense unha relación estreita co concello en relación ao uso dos espazos, celebracións...; coa policía na organización de saídas; con diversas entidades da contorna como o IEM (instituto de estudos miñoráns), servizos sociais do concello, coa universidade de Vigo, servizo de deportes, clubs da contorna, colexios (Fontes) institutos (1º de Marzo) e co Servizo do Deporte.

A coordinación amplíase a través dos seguintes mecanismos informativos:

- Reunión do equipo de convivencia unha vez ao mes
- As familias teñen a posibilidade de reunións cos titores (unha hora á semana) e o profesorado (unha hora á semana)
- Comunicacóns a través do correo corporativo, teléfono e abalar móbil, páxina web, edixgal
- Reunións informativas co equipo de orientación

11) Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.

Todos os organismos de coordinación docente teñen un papel colaborador para a mellora da convivencia. Na Comisión de Coordinación Pedagóxica, periodicamente analizan o clima de convivencia das distintas aulas e etapas educativas do centro.

Dende a xefatura de estudos e o departamento de orientación se leva a cabo o plan de acción tutorial e un seguimento da convivencia das distintas aulas cos profesores titores por niveis educativos.

As familias dos alumnos teñen presenza no centro, acudindo ás sesións de acollida e reunións por grupo-aula, solicitando frecuentemente reunións cos profesores-titores, profesorado en xeral, departamento de orientación e equipo directivo, e participando nas numerosas reunións informativas motivadas pola organización de viaxes, intercambios, apertura de curso, festivais e premios e nos actos de fin de curso dos alumnos que rematan a ESO.

A ANPA colabora estreitamente co centro así como as diferentes institucións: concello, policía nacional, consellerías

12) Procesos de seguimiento, avaliación e mellora do plan de convivencia.

No desenvolvemento deste plan é precisa a participación activa do alumnado, a colaboración das familias e da complicidade e traballo do equipo de profesores.

Unha vez aprobado polo Claustro e o Consello Escolar, difundirase a todos os membros da comunidade escolar utilizando todos os medios dispoñibles.

Publicarase na páxina web do centro e adicaranse sesións de tutoría específicas para que os alumnos e alumnas o coñezan.

O equipo directivo do centro, o claustro e o consello escolar, a través da comisión de convivencia, velarán polo cumprimento das normas establecidas.

O seguimento do plan correrá a cargo da Comisión de Convivencia. A avaliación realizarase de maneira continua, mediante a observación, intercambio de opinións e cuantificación de indicadores entre os diferentes sectores da comunidade educativa, ao longo do ano.

O consello escolar aprobará a memoria do plan de convivencia, que quedará reflectida na memoria anual do centro, e servirá de referencia para as oportunas modificacións

Na devandita memoria avaliaranse os seguintes elementos:

1. O grao de implicación dos diferentes sectores da comunidade educativa
2. O grao de desenvolvemento das actividades propostas.
3. As Incidencias no centro, distribuídas por niveis educativos.
4. As medidas adoptadas para a mellora da convivencia
5. A resolución de conflitos xerados.
6. Os casos de acoso escolar detectados.
7. As propostas de mellora.

Baiona a 21 de outubro do 2025